

27 Tiempo ordinario (A)

EVANXEO

+ Mateo 21, 33-43

Escoitade outra parábola:

Dunha vez había un propietario que plantou unha viña; rodeouna dunha sebe, cavou nela un lagar e construíu un caseto para o garda. Logo, arrendóullela a uns viñadores e marchou para lonxe.

Cando chegou o tempo da vendima, mandou os seus criados ós viñadores, para cobra-las rendas. Pero os viñadores agardáronos, e a un zorregáronlle, a outro matárono e a outro apedrárono. De novo mandou outros criados, máis numerosos; pero tratáronos do mesmo xeito.

Por último, mandóulle-lo seu propio fillo, dicindo para si: "O meu fillo hano respectar". Pero os viñadores, ó veren o fillo, comentaron: "Este é o herdeiro: veña, matémolo, e a herdanza será nosa". E agarrárono, botárono fóra da viña, e matárono.

-Ben, ¿e cando veña o señor da viña, que fará cos viñadores aqueles?

Respondéronlle:

-A eses malvados faraos morrer de mala morte, e arrendarálle-la viña a outros viñadores, que lle paguen as rendas no seu tempo.

Díxolles entón Xesús:

-¿Seica non lestes nunca na Escritura:

A pedra que desbotaron os canteiros

é agora o esquinal:

esa pedra colocouna o Señor,

¡que regalía para nós!?

Por iso dígovos: quitarásevos a vós o Reino de Deus, e daráselle a un pobo que produza bos froitos.

Palabra de Deus.

HOMILIA

5 de outubro de 2014

CRISE RELIXIOSA

A parábola dos “viñateiros homicidas” é un relato no que Xesús vai descubrindo con acentos alegóricos a historia de Deus co seu pobo elixido. É unha historia triste. Deus coidara del desde o comezo con todo agarimo. Era a súa “viña preferida”. Esperaba facer deles un pobo exemplar pola súa xustiza e a súa fidelidade. Serían unha “gran luz” para todos os pobos.

Con todo aquel pobo foi rexeitando e matando un tras outro aos profetas que Deus lles ía enviando para recoller os froitos dunha vida máis xusta. Para rematar, nun xesto incríbel de amor, envíolles ao seu propio Fillo. Pero os dirixentes daquel pobo acabaron con el. Que pode facer Deus cun pobo que defrauda de xeito tan cego e obstinado as súas expectativas?

Os dirixentes relixiosos que están escoitando atentamente o relato responden espontaneamente nos mesmos termos da parábola: o señor da viña non pode facer outra cousa do que dar morte a aqueles labradores e poñer o seu viño en mans doutros. Xesús saca rapidamente unha conclusión que non esperan: “Por iso eu vos digo que se vos vai quitar a vós o reino de Deus e daráselle a un pobo que produza froitos”.

Comentaristas e predicadores interpretaron con frecuencia a parábola de Xesús como a reafirmación da Igrexa cristiá como “o novo Israel” despois do pobo xudeu que, logo da destrución de Xerusalén o ano setenta, hase dispersar por todo o mundo.

Con todo, a parábola está falando tamén de nós. Unha lectura honesta do texto obríganos a facernos graves preguntas: Estamos producindo nos nosos tempos “os froitos” que Deus espera do seu pobo: xustiza para os excluídos, solidariedade, compaixón cara ao que sofre, perdón...?

Deus non ten por que bendicir un cristianismo estéril do que non recibe os froitos que espera. Non ten por que identificarse coa nosa mediocridade, as nosas incoherencias, desviacións e pouca fidelidade. Se non respondemos ás súas expectativas, Deus seguirá abrindo camiños novos ao seu proxecto de salvación con outras xentes que produzan froitos de xustiza.

Nós falamos de “crise relixiosa”, “descristianización”, “abandono da práctica relixiosa”... Non estará Deus preparando o camiño que faga posíbel o nacemento dunha Igrexa máis fiel ao proxecto do reino de Deus? Non é necesaria esta crise para que naza unha Igrexa menos poderosa pero máis evanxélica, menos numerosa pero máis entregada a facer un mundo máis humano? Non virán novas xeracións máis fieis a Deus?

José Antonio Pagola

HOMILIA

2 de outubro de 2011

ESTAMOS A DECEPCIONAR A DEUS?

Xesús atópase no recinto do Templo, rodeado dun grupo de altos dirixentes relixiosos.

Nunca os tivo tan preto. Por iso, con audacia incríbel, vai pronunciar unha parábola dirixida directamente a eles. Sen dúbida, a máis dura que saíu dos seus labios.

Cando Xesús lles comeza a falar dun señor que plantou unha viña e a coidou con solicitude e cariño especial, créase un clima de expectación. A «viña» é o pobo de Israel. Todos coñecen o canto do profeta Isaías que fala do amor de Deus polo seu pobo con esa bela imaxe. Eles son os responsábeis desa “viña” tan querida por Deus.

O que ninguén espera é a grave acusación que lles vai lanzar Xesús: Deus está decepcionado. Foron pasando os séculos e non logrou recoller dese pobo querido os froitos de xustiza, de solidariedade e de paz que esperaba.

Unha e outra vez foi enviando os seus servidores, os profetas, porén os responsábeis da viña maltratáronos sen piedade ata darlles morte. Que máis pode facer Deus pola súa viña? Segundo o relato, o señor da viña mándelles aínda ao seu propio fillo pensando: «Ao meu fillo teranlle respecto». Pero os viñadores mátano para ficar coa súa herdanza.

A parábola é transparente. Os dirixentes do Templo vense obrigados a recoñecer que o señor ha confiar a súa viña a outros viñadores máis fieis. Xesús aplícalles rapidamente a parábola: «Eu dígovos que vos quitará a vós o reino de Deus e darállelo a un pobo que produza os seus froitos».

Desbordados por unha crise á que xa non é posíbel responder con pequenas reformas, distraídos por discusións que nos impiden ver o esencial, sen coraxe para escoitar a chamada de Deus a unha conversión radical ao Evanxeo, a parábola obríganos a facernos graves preguntas.

Somos ese pobo novo que Xesús quere, dedicado a producir os froitos do reino ou estamos a decepcionar a Deus? Vivimos traballando por un mundo máis humano? Como estamos a responder dende o proxecto de Deus ás vítimas da crise económica e aos que morren de fame e desnutrición en África?

Respectamos o Fillo que Deus nos enviou ou botámolo de moitas formas “fóra da viña”? Estamos a acoller a tarefa que Xesús nos confiou de humanizar a vida ou vivimos distraídos por outros intereses relixiosos máis secundarios?

Que facemos cos homes e mulleres que Deus nos envía tamén hoxe para recordarnos o seu amor e a súa xustiza? Xa non hai entre nós profetas de Deus nin testemuñas de Xesús? Xa non os recoñecemos?

José Antonio Pagola
Traduciu: Xaquín Campo

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>